

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 16 DE SETEMBRO DE 2021, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

#### **DECRETOS**

##### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**

- Decreto polo que se aproba a agrupación voluntaria entre os concellos de Abegondo, Bergondo e Carral para o mantemento en común do posto de traballo de Tesouraría.

##### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: senda na PO-548 (puntos quilométricos 2+970-3+200) e continuidade nun vial municipal, no concello de Valga (Pontevedra).

##### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

- Decreto polo que se aproba a creación da Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol da Universidade da Coruña.

#### **ACORDOS**

##### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto de Decreto polo que se regulan as instalacións nas cales se desenvolven actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera, e se crea o sistema de información de emisións de contaminantes á atmosfera de Galicia.

##### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universidade de Santiago de

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Compostela (USC) para a adopción de medidas de dixitalización e innovación do Sistema universitario de Galicia, por un importe total de catro millóns corenta mil euros (4.040.000€).

- Acordo polo que se autoriza a superación do límite máximo establecido no artigo 8. Tres. a) da Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, do crédito inicial do subconcepto 131.24, do capítulo I do orzamento de gastos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, para o financiamento da contratación de persoal laboral por acumulación de tarefas para a realización de tarefas de limpeza en centros educativos dependentes da consellería. Importe total: douscentos quince mil cento dezaioito euros con oitenta e catro céntimos (215.118,84€).

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación mediante acordo marco cun único provedor da subministración sucesiva do material funxible para as intervencións realizadas con sistema de cirurxía guiada por Robot Da Vinci, con destino as áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, por importe de trinta e cinco millóns douscentos setenta mil trescentos oito euros con setenta e dous céntimos (35.270.308,72 €).

## INFORMES

### VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Informe sobre as axudas concedidas no ano 2021 pola Dirección Xeral de Administración Local ao abeiro da Orde do 20 de decembro de 2020 para a creación e/ou mellora das infraestruturas municipais e da Orde do 30 de decembro de 2020 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental

### VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Informe sobre a resolución da convocatoria de axudas de dixitalización do comercio galego

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Informe sobre o estado de execución do plan de acción estratéxico para a Ribeira Sacra.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O CONSELLO DA XUNTA DA O VISTO AO DECRETO DE AGRUPACIÓN VOLUNTARIA DE ABEGONDO, BERGONDO E CARRAL PARA O MANTEMENTO EN COMÚN DO POSTO DE TESOURERÍA**

- O tres concellos teñen a obriga de manter un posto de Tesouraría segundo o Decreto 128/2018, do 16 de marzo, que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional
- Desta forma acádase unha maior eficiencia e racionalidade dos recursos humanos, pois neste caso a agrupación constitúe unha medida de aforro económico para as entidades locais

O Consello da Xunta deu hoxe o visto bo ao proxecto de decreto polo que se aproba a agrupación voluntaria entre os concellos de Abegondo, Bergondo e Carral para o mantemento en común do posto de traballo de tesouraría. Desta forma acádase unha maior eficiencia e racionalidade dos recursos humanos, pois neste caso a agrupación constitúe unha medida de aforro económico sen a mínima perda de capacidade na xestión administrativa.

Os concellos de Abegondo, Bergondo e Carral acordaron aprobar definitivamente a súa agrupación voluntaria para o sostemento en común da praza de tesouraría xa que os tres teñen a obriga de manter un posto de Tesouraría nos termos do artigo 14 do Decreto 128/2018, de 16 de marzo, por lo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, e poden agruparse entre si para o sostemento en común dun único posto de Tesouraría, ao que corresponderá a responsabilidade administrativa das funcións propias deste posto de traballo en todos os municipios agrupados.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA NOVA SENDA NA ESTRADA AUTONÓMICA PO-548 NO CONCELLO DE VALGA

- A actuación suporá un investimento da Xunta de 780.000 € e habilitará un itinerario peonil máis seguro cara á igrexa de Santa Columba de Cordeiro, o colexio Xesús Ferro Couselo e o pavillón polideportivo
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade convocará no último trimestre do ano o levantamento das actas previas, para poder licitar as obras a finais de ano ou principios de 2022
- A nova senda partirá do itinerario xa existente na PO-548, discorrerá pola marxe esquerda da vía ata o cruce cunha pista municipal e incluírá unha pasarela metálica de 21 metros de lonxitude sobre o río Louro
- A intervención complementarase coa reordenación do tráfico na intersección no punto quilométrico 3+910 cunha pequena glorieta que permita o cambio de sentido, reforzando ademais a seguridade viaria
- O Goberno galego mantén o seu compromiso de habilitar nas estradas da súa titularidade, itinerarios peonís seguros, sustentables e integrados na paisaxe

O Consello da Xunta autorizou hoxe a declaración da utilidade pública pola que se dispón a urxente ocupación dos terreos necesarios para a construción dunha nova senda na estrada autonómica PO-548, no concello de Valga.

O Goberno galego investirá preto de 780.000 euros nesta actuación, incluíndo o pagamento dos 20 predios precisos para a súa execución. A intervención contará co cofinanciamento de fondos europeos React-UE.

O proxecto ten como obxectivo a execución dunha nova senda peonil na PO-548, que permita dar continuidade á que xa existe nesta na vía autonómica. Coa súa construción habilitarase un itinerario seguro para os peóns que se dirixen á igrexa de Santa Columba de Cordeiro, ao colexio Xesús Ferro Couselo e ao pavillón polideportivo municipal.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade convocará o levantamento das actas previas no cuarto trimestre do ano, coa previsión de poder licitar as obras a finais de 2021 ou principios de 2022. Os traballos contan cun prazo de execución de seis meses.

A actuación deseñada polo departamento de Infraestruturas da Xunta consiste na execución da nova senda peonil na PO-548, entre os puntos quilométricos 2+970 e 3+200, dándolle continuidade nunha vía municipal.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A nova senda partirá do itinerario existente na vía autonómica e discorrerá pola marxe esquerda ata o cruce coa pista municipal que lle dará continuidade, e requirirá da instalación dunha pasarela metálica na proximidade da Igrexa de Santa Columba de Cordeiro de grandes dimensións, 21 metros de lonxitude e case 3 metros de anchura, sobre o río Louro.

Tamén se ampliará o paso sobre ese río, aumentando a plataforma da calzada cun forxado de chapas metálicas sobre travesas e construíndo catro muros de contención para asentar e fixar o terreo cunhas condicións idóneas de seguridade.

A intervención complementácese coa reordenación do tráfico na intersección no punto quilométrico 3+910, onde se prevé executar unha pequena glorieta que permita o cambio de sentido, impedindo a realización de movementos que provocan situacións de risco e reforzando ademais a seguridade viaria.

O Goberno galego segue dando cumprimento ao seu compromiso de habilitar, nas estradas da súa titularidade, itinerarios peonís seguros, sustentables e integrados na paisaxe.

Ámbito da actuación proxectada:




COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
www.xunta.gal

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Detalle da actuación igrexa de Santa Columba de Cordeiro e colexio Xesús Ferro Couselo:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA COMPLETA UN INVESTIMENTO DE 10M€ PARA REFORZAR A DIXITALIZACIÓN DAS TRES UNIVERSIDADES GALEGAS

- O Consello da Xunta autorizou hoxe o acordo coa Universidade de Santiago de Compostela, por 4M€, despois de dar luz verde en pasadas semanas aos das universidades da Coruña e Vigo
- Por outra banda, aprobouse a creación da Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol, que favorecerá a especialización como Campus Industrial, o primeiro en toda España acreditado con este selo de calidade

O Consello da Xunta completou hoxe a autorización dunha inxección de 10M€ nas universidades galegas para que reforcen os seus proxectos de dixitalización e innovación e, deste xeito, continuar coa adaptación ás novas circunstancias e escenarios xurdidos a raíz da pandemia. En concreto deuse luz verde ao acordo coa Universidade de Santiago de Compostela (USC), por importe de 4,04M€, que se suma á aprobación do convenio coa Universidade da Coruña (2,8M€) e coa Universidade de Vigo (3,16M€).

As accións serán determinadas pola USC en función das peculiaridades e necesidades específicas, de acordo coa súa autonomía de xestión, centrándose o uso dos fondos na realización de medidas de dixitalización e innovación.

O obxectivo é apoiar á Universidade na súa transformación e adaptación de cara ás exigencias da forma académica do século XXI, que redunden nun mellor servizo ao estudantado e nun mellor funcionamento dos procesos da entidade académica.

Esta nova partida orzamentaria enmárcase dentro das accións levadas a cabo polo Goberno da Xunta para garantir o desenvolvemento da actividade académica do Sistema Universitario Galego coa máxima eficiencia e rigor.

Cómpre lembrar que a inicios do actual curso universitario -en outubro pasado concretamente- a Xunta de Galicia inxectou 3M€ no sistema universitario co fin de reforzar as institucións universitarias para afrontar os gastos imprevistos orixinados pola pandemia e asegurar a calidade da docencia non presencial así como as medidas de adaptación covid exixidas. Estes 10M€ adicionais teñen como finalidade avanzar na transformación dixital e na innovación destas institucións, de xeito que se consoliden e melloren os cambios realizados ata o momento e que se viron acelerados pola situación de pandemia.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A maiores, a Xunta de Galicia vai destinar 13,2M€ ás universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo a través de convenios que teñen como obxectivo incentivar a actividade investigadora e promover o desenvolvemento científico e cultural da sociedade a través da promoción e captación do mellor talento.

### **Especialización do campus ferrolán**

Na reunión semanal do Goberno galego deuse tamén luz verde á creación da Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol, o que supón un novo fito no Campus Industrial ferrolán, o primeiro en toda España con especialización acreditada. Este trámite recibiu o visto e prace do Consello Galego de Universidades o pasado mes de xuño.

A creación desta Escola é unha das principais liñas de actuación do Plan Estratégico do Campus de Ferrol 2021-2023, e supón a integración nun único centro da Escola Politécnica Superior da Universidade da Coruña (EPS), situada en Esteiro, e a Escola Universitaria Politécnica da Universidade da Coruña (EUP), situada en Serantes.

A integración xustifícase na mellora en aspectos relacionados coa posibilidade de crear sinerxías entre as titulacións impartidas actualmente nas dúas escolas e acadar unha maior atracción de talento, tanto de estudantado Erasmus como de alumnado de posgrao e de investigadores e docentes. Así mesmo, procúrase unha maior accesibilidade do estudantado e proximidade co resto de servizos que ofrece a universidade no campus de Esteiro así como a potenciación da súa visibilidade e presenza na cidade, recoñecendo cada vez máis a vinculación da enxeñaría coa industria intelixente.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA ACTUALIZA A NORMATIVA DAS ACTIVIDADES POTENCIALMENTE CONTAMINADORAS PARA AVANZAR NO COMPROMISO DE NEUTRALIDADE CLIMÁTICA EN 2050

- A Consellería de Medio Ambiente salienta que se trata dun novo esforzo para o mantemento dunha calidade do aire de sobresaínte na Comunidade, o que ten un efecto positivo na saúde das persoas e na preservación dos nosos ecosistemas
- Este xoves, 16 de setembro, celébrase o Día internacional da preservación da capa de ozono en conmemoración da sinatura do Protocolo de Montreal, un éxito para a protección da vida no planeta no que a Xunta quere seguir colaborando

A Xunta autorizou hoxe iniciar a tramitación da actualización da normativa que regula as actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera, co fin de avanzar no seu compromiso, recollido na Estratexia galega de cambio climático e enerxía, de conseguir a neutralidade climática na Comunidade no ano 2050.

O obxectivo do novo Decreto é tamén acadar as condicións máis óptimas do aire que respira a cidadanía de Galicia, en liña coas políticas transformadoras do Pacto Verde Europeo. Trátase de contar cunha visión en tempo real do que está a ocorrer nas industrias, para previr posibles focos de contaminación e ter identificados todos e cada un deles de forma que se poida actuar na súa mellora.

Na actualidade, a Xunta asume as competencias sobre o medio ambiente atmosférico apoiándose na Lei 8/2002, así como a xestión de diversos aspectos relativos á avaliación e protección da calidade do aire e loita contra a contaminación atmosférica. Ademais, aplica o previsto na Lei estatal 34/2007 de calidade do aire e protección da atmosfera.

A actualización proposta pola Consellería de Medio Ambiente, con forma de decreto autonómico, regulará os aspectos xerais do réxime de prevención e control das emisións á atmosfera; o seu réxime administrativo, en particular autorizacións e renovación das notificacións, así como as modificacións oportunas; os sistemas de vixilancia; ou a inspección e réxime sancionador.

A necesidade de contar cunha normativa propia e específica vén motivada pola necesidade de mellorar a seguridade xurídica das instalacións deste tipo, especialmente no contexto do último informe de expertos da ONU, onde urxen a tomar medidas sen máis demora, como parte tamén do legado ambiental que se lle quere deixar ás próximas xeracións.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Deste xeito, tanto as instalacións operativas neste intre como as que se podan asentar na Comunidade nun futuro, contarán cunha base legal en que se fixará o procedemento de autorización administrativa da construción, montaxe, explotación, traslado ou modificación substancial.

Coa aprobación deste decreto, Galicia sumarase ás oito comunidades autónomas que xa teñen aprobada normativa autonómica de desenvolvemento da Lei estatal.

Outro dos puntos destacadas da futura normativa é a creación do Sistema de información de emisións contaminantes á atmosfera de Galicia, co obxectivo de integrar toda a información relativa a esta materia da Comunidade galega.

### **Día internacional da preservación da capa de ozono**

Tanto a regulación como o sistema de información supoñen un novo esforzo para o mantemento dunha calidade do aire de sobresaínte na Comunidade, o que ten un efecto positivo na saúde das persoas e na preservación dos nosos ecosistemas.

Segundo os datos rexistrados en 2020 polos analizadores automáticos das estacións da rede de calidade do aire —un total de 48—, Galicia dispón dunha boa calidade do aire tanto nas cidades como nas vilas e nas zonas rurais. Cómpre lembrar, precisamente, que no pasado mes de xullo deu inicio a tramitación do proxecto de Decreto polo que se crea a Comisión de calidade do aire de Galicia.

Por último, nun día como este xoves 16 de setembro, Día internacional da preservación da capa de ozono, hai que salientar tamén a experiencia do Protocolo de Montreal, relativo ás substancias que esgotan a capa de ozono. Foi asinado este mesmo día en 1987 e logrou diminuír a produción e consumo das substancias que destrúen o ozono e reducir a taxa de crecemento da concentración atmosférica de varias destas substancias.

O apoio público á acción, combinado cos esforzos dos gobernos, os diplomáticos, os científicos, a industria, as organizacións non gobernamentais e os cidadáns preocupados de todos os recunchos do mundo foi crucial para o éxito do Protocolo e, polo tanto, para a protección da vida no planeta, unha meta en que a Xunta quere seguir colaborando.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA VOLVE REFORZAR A LIMPEZA DOS CENTROS EDUCATIVOS DE SECUNDARIA CUN INVESTIMENTO ADICIONAL DE 280.000€**

Incrementarase o persoal nos 77 centros que o precisan e nos que a competencia corresponde á Administración autonómica

A Xunta de Galicia volverá reforzar este curso a limpeza dos centros educativos nos que a competencia deste servizo lle corresponde, isto é, nos que imparten ensinanzas de etapas posteriores á educación primaria e son de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde a un investimento adicional de case 280.000€, que equivale á contratación de 33 persoas a xornada completa e outras 51 a media xornada, cos que se atenderán as necesidades de reforzo deste servizo nun total de 77 centros (do total de 387 nos que o xestiona a Administración autonómica) durante o primeiro trimestre deste curso.

Con esta medida búscase dar resposta ao incremento de labores de limpeza que supuxeron as medidas determinadas polo Goberno Central e integradas no Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021/22. Neste sentido cómpre lembrar que neste documento se manteñen as mesmas medidas de limpeza previstas para blindar a seguridade sanitaria nos centros educativos que no curso 2020/21.

O investimento adicional permite dar resposta a este incremento de volume de traballo nos centros en que esta tarefa é competencia do Goberno galego, en concreto nos institutos.

Cómpre lembrar, ademais, que a Xunta de Galicia tamén achega á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) 658.864€ para a limpeza de 34 centros públicos integrados (CPI) de toda a xeografía galega, que imparte ensinanzas de primaria e secundaria.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA DESTINA MÁIS DE 35 MILLÓNS DE EUROS Á ADQUISICIÓN DE FUNXIBLES PARA OS ROBOTS DA VINCI

Este orzamento destinase á adquisición de material dun solo uso para as intervencións que se van realizar con estes sistemas cirúrxicos robotizados nas sete áreas sanitarias galegas

O Consello da Xunta ven de aprobar, na súa xuntanza de hoxe, a subministración sucesiva do material funxible para as intervencións realizadas con sistemas de cirurxía guiadas por robot Da Vinci. Este material irá destinado ás sete áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde. O importe estimado desta adquisición é de 35.270.309 euros, sen IVE engadido.

O obxecto do expediente é a contratación, mediante Acordo marco cunha única empresa, da prestación da subministración sucesiva destes materiais dun só uso, imprescindibles nas cirurxías realizadas con sistemas Da Vinci, tales como distintos tipos de grampadoras coas súas correspondentes cargas, así como pinzas, cánulas, instrumental selador, obturadores, cables, portagullas, tesoiras, etc.

A licitación formulase nun único lote (unidade mínima de contratación) dado que só existe unha única empresa capaz de realizar a subministración. O prazo de execución do Acordo marco será de 18 meses desde a súa formalización e poderá ser obxecto de prórroga. O prazo máximo de duración do Acordo marco e a súa prórroga será de catro anos, período para o que se estima o orzamento anteriormente referido.

### **Sistemas Da Vinci**

Na actualidade, Galicia conta con sete sistemas cirúrxicos robotizados Da Vinci, un deles en cada unha das sete áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, así como as actualizacións de software necesarias durante a súa vida útil. A Xunta de Galicia investiu 20.509.500 euros na adquisición destes sistemas e nas actualizacións de software necesarias durante a vida útil dos aparellos.

Os sistemas robóticos cirúrxicos Da Vinci axudan a mellorar a destreza e a capacidade cirúrxica na cirurxía laparoscópica, fundamentalmente a falta de precisión derivada da redución da capacidade do cirurxián para a manipulación cirúrxica e da perda da sensación de profundidade que provoca a visión en dous dimensións. O aumento e a mellora da destreza permiten ao cirurxián realizar manipulacións que, sen este sistema, ningún caso serían imposibles.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os beneficios derivados da utilización dos sistemas cirúrxicos robotizados para os pacientes inclúen unha maior seguridade e calidade, diminución da morbimortalidade, menor perda sanguínea, diminución de estadía media no centro hospitalario, incisións máis pequenas, menor dolor postoperatorio, e unha reincorporación máis rápida á vida ordinaria.

Para os profesionais, as vantaxes máis subliñables son a diminución da dificultade cirúrxica, unha maior precisión, a posibilidade de acceso a zonas complexas, unha excelente visualización e unha maior precisión nos movementos. En canto aos hospitais, as melloras proporcionadas polos sistemas Da Vinci tradúcense na realización dun menor número de transfusións, menor tempo operatorio, menor estadía media dos doentes, e menor número de complicacións intraoperatorias e postoperatorias.

Coa adquisición destes sistemas cirúrxicos robotizados, a Xunta de Galicia busca respoñer a necesidade de dar unha correcta cobertura sanitaria á poboación das áreas de referencia mellorando os servizos de atención sanitaria.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DESTINA ESTE ANO CASE 15M€ PARA COLABORAR EN MÁIS DE 380 PROXECTOS DOS CONCELLOS GALEGOS

- O Consello da Xunta informou hoxe de que o Goberno galego inviste neste exercicio 4M€ en 125 actuacións financiadas ao abeiro da Orde de Infraestruturas de uso público e outros 11M€ en 256 do Fondo de Compensación Ambiental
- O investimento da Xunta nos últimos anos nestas dúas liñas de axudas coas que mellorar a calidade de vida dos cidadáns ascende a máis de 141M€ nun total de 3.681 iniciativas

O Consello da Xunta informou hoxe do investimento realizado polo Goberno galego para apoiar os proxectos levados a cabo polos concellos mediante a Orde de Infraestruturas de uso público e o Fondo de Compensación Ambiental (FCA). A Xunta destina este ano case 15 millóns de euros en máis de 380 iniciativas a través destas dúas liñas de axudas da Vicepresidencia Primeira.

En concreto, case 4 millóns ao abeiro da Orde de Infraestruturas de uso público para financiar 125 actuacións e outros 11 millóns de euros do Fondo de Compensación Ambiental, dos que 9,2 millóns de euros se corresponden cos 256 proxectos das liñas competitiva e non competitiva xunto con 1,6 millóns en apoio aos consorcios comarcais contra incendios.

A colaboración da Administración autonómica nos últimos anos para axudar os municipios supuxo un desembolso de máis de 141 millóns de euros nun total de 3.681 proxectos encamiñados a mellorar a calidade de vida dos cidadáns. Deles, 1.372 corresponden á Orde de Infraestruturas cunha achega de máis de 36,6 millóns desde 2009 e os 2.309 restantes ao Fondo de Compensación Ambiental, con case 105 millóns de euros investidos desde 2010.

Por unha parte, a Orde de Infraestruturas de uso público financia a creación ou mellora das dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais nos concellos de menos de 30.000 habitantes. Na convocatoria deste ano mantense os 4 millóns de euros de 2020 despois de incrementar o orzamento o ano pasado nun millón respecto a 2019.

Das 125 actuacións financiadas polo Goberno galego con esta orde, a maioría están relacionadas coa construción ou melloras nos edificios ou dependencias municipais con 42 proxectos deste tipo que supuxeron unha achega de máis de 1,3 millóns de euros,

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

máis dun terzo do orzamento da orde de axudas. Destacan tamén as 35 actuacións en parques infantís por máis dun millón de euros co obxectivo de ofrecer ás familias espazos de lecer infantil. Para mellorar a calidade de vida nos núcleos rurais dos municipios tamén se concederán este ano ás entidades locais 25 axudas para a pavimentación de camiños públicos, 18 relacionadas coa posta en marcha ou o acondicionamento de instalacións deportivas municipais e 5 de renovación do alumeadado público.

En canto ao Fondo de Compensación Ambiental, destínase ao funcionamento de servizos municipais relacionados coa protección do medio e do espazo natural. Trátase de actuacións orientadas á conservación da biodiversidade, ao coñecemento e á utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais e á recuperación do medio natural degradado, así como ao impulso da eficiencia enerxética e á utilización sustentable das enerxías renovables. A Administración autonómica puxo en marcha en 2010 este fondo para distribuír os ingresos do canon eólico, o que permitiu ata agora cofinanciar proxectos por un importe de case 105 millóns.

No actual contexto marcado pola crise sanitaria da COVID-19, o Fondo de Compensación Ambiental terá un papel moi importante na recuperación sustentable dos concellos e ao reequilibrio territorial da comunidade. Ese é o obxectivo das 256 actuacións financiadas este ano a través das dúas liñas do fondo.

No caso da liña do fondo en concorrencia competitiva foron beneficiarias 131 entidades locais que percibirán máis de 3,2 millóns de euros. Máis da metade das actuacións apoiadas pola Xunta neste ámbito están destinadas a evitar a degradación ambiental mediante a contratación de persoal e equipamento para a protección do medio, así como melloras no saneamento, o abastecemento de auga ou a recollida de lixo. Tamén se financiarán no marco desta liña do FCA melloras da eficiencia enerxética no alumeadado público ou en instalacións municipais xunto coa adquisición de vehículos con distintivo ambiental cero emisións ou eco.

No que se refire á liña do fondo en concorrencia non competitiva 125 concellos recibirán 6 millóns de euros polo asentamento de parques eólicos no seu ámbito xeográfico. Ademais, no FCA inclúense outros 1,6 millóns de euros para apoiar o funcionamento dos consorcios comarcais contraincendios.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA CONCEDE 5M€ A PRETO DE 800 COMERCIANTES E OBRADOIROS ARTESANAIS PARA IMPULSAR A DIXITALIZACIÓN E MODERNIZACIÓN DOS SEUS NEGOCIOS**

- Os apoios económicos da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación diríxense ao desenvolvemento de máis de 2300 actuacións, entre as que se inclúen implantación e actualización de páxinas web, mellora da imaxe dixital, introdución de ferramentas de marketing 4.0 e loxística dixital
- Enmárcanse nas liñas de axudas do Goberno galego que teñen como obxectivo que o sector comercial poida adaptarse aos novos hábitos de consumo como o comercio electrónico e a outras canles de comercialización como as redes sociais, o que se traduce nunha maior competitividade e aumento das vendas
- A Xunta tamén conta con medidas, como o Bono Activa Comercio, que tratan de incentivar o consumo e que xa leva mobilizado 18,3M€ en vendas

O Consello da Xunta de Galicia avaliou esta mañá as axudas dirixidas a impulsar a estratexia dixital e a modernización do sector comercial e artesanía da Comunidade. En concreto, concedéronse preto de 5 millóns de euros a un total de 773 comerciantes e obradoiros artesanais que mobilizarán 7,6M€.

Así, 695 comerciantes e 78 titulares de obradoiros artesanais porán en marcha 2329 actuacións que posibilitarán ofrecer unha experiencia de compra única aos seus clientes, adaptada ao novo consumidor dixitalizado e exixente.

As axudas da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación contan con dúas liñas: unha destinada á dixitalización comercial e que suma 2.188 actuacións, entre as que destacan a implantación dun xestor de redes sociais (392), seguida da creación de páxinas web con venda en liña (363), a realización de publicidade en medios dixitais (314), así como a mellora da imaxe dixital (313). Tamén se concederon apoios para márketing 4.0, loxística dixital ou participación en feiras dixitais. A segunda liña, con 141 actuacións, está destinada á adquisición de equipamentos propios da actividade comercial e artesanal como maquinaria e ferramentas que melloren o deseño e calidade do produto final.

Por provincias, A Coruña conta con 349 beneficiarios e unha axuda de preto de 2,3M€; en Pontevedra chega a 217 comerciantes e obradoiros artesanais, con apoios que suman 1,4M€; Lugo recibe 119 axudas por 640.000 euros e Ourense suma 88 beneficiarios e 660.000 euros.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estas axudas enmárcanse nas medidas que a Xunta de Galicia está adoptando co obxectivo de que o sector comercial poida adaptarse aos novos hábitos de consumo, como o comercio electrónico, así como a outras canles de comercialización, como as redes sociais, o que se traduce nunha maior competitividade do sector e un aumento das súas vendas.

Neste sentido, e co obxectivo de seguir dinamizando o sector, a Xunta de Galicia activou outros 3,8 millóns de euros en programas destinados aos centros comerciais abertos e prazas de abastos, ao tícket de dinamización comercial, ao fomento da artesanía, así como á creación e lanzamento de plataformas de *marketplace* para produtos agroalimentarios do medio rural para potenciar as vendas dos nosos produtores máis aló do formato físico e o seu posicionamento no contorno dixital.

### **Bono Activa Comercio**

De xeito paralelo, o Goberno galego puxo en marcha este ano o Bono Activa Comercio, un proxecto de dinamización das vendas de proximidade que xa leva mobilizado 18,3M€ grazas aos bonos descargados por 210.000 persoas que poden usar o seu desconto de 30 euros en máis de 5600 establecementos da Comunidade. Por provincias, A Coruña mobilizou preto dun 39% das vendas, Pontevedra un 32%, Ourense un 15% e Lugo un 14%. Os produtos máis vendidos correspóndense con prendas de vestir, calzado, carteiras, bolsos, xoguetes, artigos de deporte, libros, así como aparellos e instrumentos médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos.

Os clientes que aínda non contén co seu bono poden rexistrarse na web [bonosactivacomercio.gal](http://bonosactivacomercio.gal), descargalo e facer uso del ata o próximo 31 de outubro.

Co obxectivo de impulsar as vendas e chegar a novos clientes, o sector comercial tamén pode acceder ás axudas tanto do programa Galicia Exporta como de Galicia Exporta Dixital, que lle permiten abrirse a novos mercados a través da dixitalización. Así, as convocatorias do pasado ano beneficiaron a 127 comercios que recibiron unha axuda total de 3,6 millóns de euros.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE XA PUXO EN MARCHA O 90% DAS MEDIDAS DO PLAN DE ACCIÓN ESTRATÉXICO PARA A RIBEIRA SACRA QUE ACADA UN ORZAMENTO DE 4,5 M€**

- Este programa de impulso acadou onte un novo fito coa declaración do territorio como Reserva da Biosfera, converténdose na sétima de Galicia e na segunda máis grande da Comunidade
- As actuacións ambientais e de ordenación serven para conservar e protexer os valores dos 30 concellos das provincias de Lugo e Ourense beneficiados

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda xa puxo en marcha o 90% das medidas que recolle o Plan de acción estratéxico para a Ribeira Sacra, que acada un orzamento de 4,5 millóns de euros. Así se recolle nun informe presentado esta mañá ao Consello da Xunta de Galicia, para coñecer o estado de execución de cada unha das medidas que integran este documento para impulsar e visualizar os valores patrimoniais e naturais desta zona de Galicia.

Así se recolle nun informe presentado esta mañá ao Consello da Xunta, para coñecer o estado de execución de cada unha das medidas que integran este documento para impulsar e visualizar os valores patrimoniais e naturais desta zona de Galicia.

Precisamente, onte alcanzouse un dos fitos máis importantes que fixou o plan estratéxico, como é a declaración como Reserva da Biosfera —por parte da Unesco— da Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel, que se converteu así na sétima nomeada en Galicia e na segunda de maior extensión da Comunidade. Trátase dunha declaración que permitirá mellorar a protección do territorio a nivel paisaxístico, ambiental e urbanístico.

Cómpre recordar que a Consellería, en colaboración cos 30 concellos beneficiarios das provincias de Lugo e Ourense, impulsou este plan para fortalecer ferramentas como a definición dun instrumento de ordenación territorial, a integración de medidas de protección dos valores naturais e o desenvolvemento de accións de rehabilitación en materia de vivenda. Tamén representa unha oportunidade para afianzar un turismo sustentable, ligado sempre aos recursos naturais e patrimoniais.

Deste xeito, xa están en marcha actuacións por valor de 700.000 euros en materia paisaxística, como a unificación das dúas áreas de especial interese paisaxístico (AEIP Canón do Sil e Canón do Miño) nunha denominada Ribeira Sacra; ou Pacto pola paisaxe, o segundo de Galicia, para traballar pola protección, xestión e ordenación da paisaxe dos 21 concellos que integran a devandita AEIP. Unha medida coa que se actúa sobre os

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

murais e esgrafiados, a delimitación de itinerarios de interese paisaxístico ou a organización de eventos culturais e de lecer.

Así mesmo, tamén se impulsa o Plan de acción da paisaxe, dirixido a eliminar especies invasoras e facer revexetacións con autóctonas, así como á instalación de nova sinalización e paneis informativos nos itinerarios de Chantada-Ponte Nova dos Peares e de Monforte de Lemos-Mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil.

### **Vivenda e urbanismo**

O plan estratéxico tamén recolle como unha das principais eivas de actuación a recuperación edificatoria e urbana dos concellos, polo que primeiro se impulsou unha nova área de rehabilitación integral (ARI) integrada por 25 concellos e, posteriormente, habilitáronse axudas á rehabilitación por un orzamento de 1,7 millóns de euros, co fin de animar os veciños a levar a cabo actuacións de recuperación dos seus inmobles. De feito, a convocatoria de axudas á ARI Ribeira Sacra de 2021 –a segunda– segue aberta ata finais deste mes de setembro.

Ademais, a través do plan Hurbe trabállase na mellora de espazos públicos de interese patrimonial que se atopan deteriorados. No 2021 está previsto asinar seis convenios por valor de 600.000 euros, reservando unha partida de 700.000 euros para o ano 2022.

O plan tamén prevé o desenvolvemento de figuras de ordenación do territorio como o Plan de ordenación do medio físico de San Fiz de Asma, en Chantada, que se prevé aprobar inicialmente nas vindeiras semanas para sometelo a información pública; ou o Plan territorial integrado, para mellorar a ordenación urbanística dos 14 concellos considerados de máxima protección do BIC Paisaxe Cultural Ribeira Sacra. Estas dúas actuacións en materia de ordenación suman un importe de case 600.000 euros.

Outro campo de especial atención da folla de ruta é conservar e mellorar os elementos naturais deste espazo como son as árbores, polo que elaborou e definiu unha guía cunha ruta de árbores con historia, de acceso libre e gratuíto desde a propia web da Xunta.

Así mesmo, tamén se quere poñer en valor a resiliencia destes espazos naturais fronte ao cambio climático. Así, a Consellería de Medio Ambiente impulsou varios estudos e investigacións sobre este fenómeno global no sector do viño, de grande importancia socioeconómica para esta zona, e reforzou a rede de sistemas de observación, monitorización e bases de datos que MeteoGalicia dispón no lugar.

O Plan de acción estratéxica para a Ribeira Sacra, aprobado polo Consello da Xunta en setembro de 2019, naceu cun orzamento inicial estimado de 3,5 millóns de euros. Non obstante, coa aplicación e posta en marcha das diferentes medidas recollidas nel o

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

orzamento incrementouse nun millón de euros, ata acadar os 4,5 que suman ata o momento as actuacións que recolle.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

